

QUE TIPO DE PROXENITOR ERES?

O ESTILO EDUCATIVO DEMOCRÁTICO

- Niveis altos de afecto, de esixencias e de control. Son proxenitores moi cálidos pero ao mesmo tempo esixentes e firmes.
- Estimulan a madurez dos seus fillos.
- Póñenlles límites e fan respectar as normas.
- Comprensivos, afectuosos e fomentan a comunicación.
- Sensibles ás necesidades dos seus fillos, estimulan a expresión das súas necesidades e déixanlles un espazo para que empecen a ser responsables e autónomos.
- A relación entre proxenitores e fillos caracterízase polo diálogo, o consenso como forma para que os nenos e nenas comprendan as situacións.
- Sensibles ás posibilidades de cada neno e nena.
- As súas normas son coherentes pero non ríxidas.
- Prefiren o razoamento e a explicación máis que a imposición.
- Estimulan que o neno/a se esforce en conseguir unha meta pero coñecen o ámbito das posibilidades dos seus fillos/as. Non os agonían con aquilo para o que non están aínda preparados.
- Fomentan a iniciativa dos seus fillos/as asumindo que van a cometer erros dada a súa inexperiencia.



OS FILLOS/AS DE PROXENITORES DEMOCRÁTICOS:

- Están máis felices consigo mesmos/as e son xenerosos/as cos demais.
- Máis competentes socialmente, maior autoestima, autonomía e responsabilidade, maior autorregulación e desenvolvemento moral.
- Son persistentes nas tarefas que emprenden e teñen un bo autocontrol. Competentes socialmente.